

Galicia está seleccionada no programa nacional Cenit

O CDTI destina, na convocatoria do 2007, 180 millóns de euros para financiar as 16 novas propostas de I+D ■ Nelas participan 252 empresas das que o 59% son pemes

A. Carnero

■ Tres proxectos nos que participa a USC forman parte dos 16 seleccionados na convocatoria de 2007 do programa Cenit (Consortios Estratégicos de Investigación Técnica), dependente do CDTI (Centro de Desarrollo Tecnológico Industrial, dependente do Ministerio de Industria para impulsar o desenvolvemento tecnolóxico). Trátase de programas liderados por empresas punteiras de diferentes sectores e nos que están traballando grupos de investigación da Universidade de Santiago. As tres iniciativas seleccionadas son Intelimplant, liderada polo Instituto Biotecnolóxico; Futural, promovida pola AIE (Alimentación e Saúde do Futuro) e Netolift, impulsada pola empresa vasca de ascensores Orona.

No caso de Netolift o obxectivo é investigar nas tecnoloxías para a elevación con sistema Net Zero. Pola súa banda, Intelimplant baséase no desenvolvemento de biomateriais avanzados para unha nova xeración de implantes, co obxectivo de acadar produtos de maior durabilidade e fiabilidade e que precisen menores tempos de recuperación e proporcionen información sobre o seu estado e a súa evolución.

Pero tendo en conta que a alimentación é unha preocupación de toda a sociedade, o proxecto máis ambicioso, e no que participa o departamento de Química Analítica da Facultade de Farmacia de Santiago é Futural, un macroproxecto de 35 millóns de euros.

Este programa ten como obxectivo mellorar a calidade



XOSÉ CASTRO

Un dos proxectos ten como obxectivo mellorar a calidade dos produtos alimentarios españois

■ Empresas punteiras participan na iniciativa universitaria

dos produtos alimentarios españois e a competitividade do sector. Conseguir levalo a cabo supón un importante avance dos seus impulsores, dado que a industria alimentaria española destina menos do 1% do total da súa facturación á área de I+D+i.

O programa acolle a centros tecnolóxicos públicos e priva-

dos, universidades, empresas e a Fundación Alimentaria e Ciencia, liderada polos principais chefs españois como Ferrán Adriá, e dedicada á investigación gastronómica.

Futural investigará a aplicación das novas tecnoloxías aos procesos de fabricación. O uso das tecnoloxías como pulsos eléctricos, os escáner de baixa intensidade, as ondas lumínicas, as altas presións, as nanotecnoloxías ou os envases activos serán estudados co obxectivo de lanzar novos produtos con maior e mellor vida comercial.

Entre os impulsores deste proxecto están empresas como

Ordesa, Casademont, Iparlat e centros tecnolóxicos como Cecespesca ou o Instituto Tecnolóxico de León así como cinco universidades: a Autónoma de Barcelona, Zaragoza, Santiago, Burgos e Granada.

Futural nace ademais cun tripla obxectivo a longo prazo: volver a visualizar ao sector agroalimentario como sector dependente da I+D e capaz de facer esforzos inversores crecentes, aumentar o capital relacional entre as institucións no sistema de I+D do sector e, por último, involucrar paulatinamente a máis empresas e institucións neste tipo de proxectos.



La UE financia con 14,6 millones el I+D+i gallego

FONDOS EUROPEOS | 3 | La oficina gallega especializada en captar fondos de la Unión Europea para innovación (Opidi) organiza unas jornadas de análisis en las que participarán 200 profesionales de distintas disciplinas y procedencias.



Proxectos galegos de primeira liña

INVESTIGACIÓN | 4-5 | O aproveitamento da biomasa forestal, a localización e análise de toxinas perigosas ou as comunicacións satelitarias son tres das iniciativas galegas que están na vangarda da investigación europea.



O forestal de Galicia asume novos retos

DESENVOLVEMENTO | 7 | O sector forestal galego, que está a producir a metade da madeira de que dispón España e factura 3.000 millóns de euros ao ano, abre unha nova etapa na que a innovación é un pilar fundamental.

OUTRAS NOTICIAS DE ACTUALIDADE

A ciencia como protagonista

■ O Centro de Investigacións Tecnolóxicas da UDC, no campus de Ferrol, realizará unha xornada de portas abertas o vindeiro 23 de novembro, con motivo da Semana da Ciencia. Alumnos de centros de bacharelato dos últimos cursos de ciclos formativos recibirán explicacións sobre as liñas de investigación dos diferentes grupos dos CIT e sobre aspectos de investigación aplicada que se desenvolve na UDC, desde o punto de vista pedagóxico e de divulgación científica.

As carreiras artísticas

■ O vicerreitor do campus de Pontevedra, Jesús Hernández, participará activamente na comisión nacional creada para analizar a situación das carreiras artísticas. O obxectivo da comisión, que se reunirá en Valencia por primeira vez a finais deste mes, é poder actuar e mellorar as condicións nas que agora se atopan os estudos artísticos. A pretensión é que estas disciplinas estean ao mesmo nivel dos ámbitos científicos e tecnolóxicos no seu universitario.

Dúas «spin-off» da USC, premiadas por Enisa

■ Enisa, Empresa Nacional de Innovación convocou, coincidindo cos seu 25 aniversario uns premios a nivel nacional de empresas innovadoras. Das 219 empresas presentadas, dúas spin-off da USC quedaron galardonadas no apartado de Tecnoloxía Industrial e dos Materiais. Trátase da empresa especializada en nanotecnoloxía, Nanogap e de Neoker, produtos de whiskers de alumina.